

# MANUAL SOBRE A LEXISLACIÓN COMUNITARIA EN MATERIA DE AXUDAS ESTATAIS PARA AS PEME

## (INCLÚE AS MEDIDAS TEMPORAIS DOS ESTADOS PARA APOIAR O ACCESO AO FINANCIAMENTO NA ACTUAL CRISE ECONÓMICA E FINANCEIRA)

### **Advertencia:**

Este manual ofrece un resumen conciso e, ás veces, simplificado da lexislación en materia de axudas estatais. Evidentemente, dos resumos e cadros que se presentan neste documento non se pode derivar dereito ningún. Para unha versión oficial das normas aplicables en cada ámbito, o lector deberá acudir aos textos legais completos pertinentes, dos que se especifican as referencias exactas neste documento.

Inclúe a posibilidade de aplicar unha nova medida de axuda contemplada no apartado 4.2.2 da Comunicación da Comisión (2009/C 83/01), “Marco temporal comunitario aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira”, publicada no DOUE de 7-4-2009.

A aplicación desta última medida, que permite superar temporalmente (2008-2010) o umbral de 200.000€ por empresa previsto polo regulamento de axudas “de mínimos”, debe realizarse cumprindo as condicións fixadas na **Decisión da Comisión C(2009)4558, de 08.06.2009 pola que se aproba a Axuda de Estado nº N 307/2009 – España (“Régime temporal de axuda para conceder cantidades limitadas de axuda compatible”)**, réxime comunicado polo Goberno de España que é igualmente de aplicación ás Comunidades Autónomas.

- 1. INTRODUCCIÓN, 3**
    - 1.1.A importancia das PEME, 3**
    - 1.2.Axudas estatais para as PEME, 4**
    - 1.3.Definicións, 6**
      - 1.3.1.Que é unha PEME?, 6
      - 1.3.2.Conceptos de axuda estatal, 6
  - 2. APOIO FINANCEIRO ÁS PEME, 8**
    - 2.1. Axudas por un importe pequeno (a denominada regra “de minimis”), 8**
    - 2.2. Garantías estatais, 11**
    - 2.3.Axudas de capital risco, 13**
  - 3. MEDIDAS DE AXUDA PARA FOMENTAR O CRECEMENTO E O DESENVOLVEMENTO DAS PEME, 16**
    - 3.1. Axudas de investigación e desenvolvemento e innovación, 16**
    - 3.2.Axudas á protección ambiental, 19**
    - 3.3. As axudas de finalidade rexional, 23**
    - 3.4.Axudas ao investimento e ao emprego, 27**
    - 3.5.Axudas á formación, 28**
    - 3.6.Axudas para servizos de consultoría e para participación en feiras, 30**
    - 3.7.Axudas ás iniciativas empresariais de mulleres, 31**
    - 3.8.Axudas a favor dos traballadores desfavorecidos e discapacitados, 32**
    - 3.9.Axudas de salvamento e reestruturación de empresas en crise, 34**
  - 4. MEDIDAS TEMPORAIS DE AXUDA ESTATAL PARA FACILITAR O ACCESO AO FINANCIAMENTO NO CONTEXTO ACTUAL DE CRISE ECONÓMICA E FINANCEIRA, 36**
- ANEXO I, 38
- ANEXO II, 44

## 1. INTRODUCCIÓN

### 1.1 A importancia das PEME

**As Pequenas e Medianas empresas (PEME) constitúen a columna vertebral da economía europea.** Existen máis de 23 millóns de PEME na Unión Europea, o que supón o 99% do tecido empresarial europeo. A elas débese a creación neta de postos de traballo, dan emprego a máis de cen millóns de persoas, están moi arraigadas no seu contorno local e rexional e constitúen unha garantía de estabilidade e de cohesión social. As PEME xogan un papel moi importante no crecemento europeo ao xerar o 60% do PIB europeo. Os empresarios dinámicos están especialmente ben situados para tirar proveito das oportunidades que lles ofrece a globalización e a aceleración dos cambios tecnolóxicos. Ademais, as PEME xogan un papel moi importante no proceso de innovación e, xa que logo, constitúen un dos elementos principais da economía baseada no coñecemento.

Neste contexto, a recente **Lei da pequena empresa para Europa**<sup>1</sup> (**SBA** nas súas siglas en inglés) adoptada pola Comisión en xuño de 2008 reflicte a súa vontade política de recoñecer o papel central que desempeñan as PEME na economía europea e, por primeira vez, dispón un marco político exhaustivo para a UE e os seus Estados membros. O seu obxectivo é mellorar o enfoque global da iniciativa empresarial e fixar, de maneira irreversible, o principio de “pensar primeiro a pequena escala” na elaboración das políticas, tanto nos regulamentos como na Administración Pública, así como promover o crecemento das PEME axudándolles a afrontar os outros problemas que pexan o seu desenvolvemento. A SBA identificou un gran número de actuacións que axudarán a lles dar pulo ás PEME en diferentes ámbitos.

O acceso a un financiamento axeitado é un dos principais problemas aos que se teñen que enfrontar as pequenas e medianas empresas na UE. Os investidores e os bancos adoitan fuxir de ter que financiar empresas de nova creación ou aínda novas debido aos riscos que iso supón. No actual contexto de desaceleración económica e crise financeira, as PEME teñen que facer fronte a maiores dificultades de acceso ao financiamento dun xeito aínda máis grave ca outro tipo de empresas o que retarda, ou mesmo pode chegar a desbaratar os plans de financiamento necesarios para o seu crecemento ou para o desenvolvemento de investimentos previstos. Este é un dos elementos principais da proposta da Comisión para un **Plan Europeo de Recuperación Económica**, tal como anunciou o presidente da Comisión, J. M. Barroso, o 26 de novembro de 2008. O plan de recuperación baséase na Lei da pequena empresa para proporcionarlles a todas as PEME máis axudas, incluídas as medidas específicas e concretas pensadas para lles reducir as cargas administrativas ás empresas, promover o fluxo de caixa e fomentar que máis persoas se fagan autónomos. O Plan de recuperación pretende, xunto co Banco Europeo de Investimentos e o Fondo Europeo de Investimento, potenciar o acceso ao financiamento das PEME. Ademais lembra que os Estados membros deben facer un pleno uso das normas reformadas recentemente para lles garantir ás PEME o tipo de axuda estatal axeitado. As axudas estatais para as pequenas e medianas empresas só han mostrar resultados na competitividade se van dirixidas a melloras estruturais das condicións de

---

<sup>1</sup> Comunicación da Comisión ao Consello, ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións “Pensar primeiro a pequena escala”, unha Lei da pequena empresa para Europa, COM (2008) 394 Final, 25/06/2008

mercado con “investimentos intelixentes” (que conduzan a unha maior innovación, máis investigación, mellor rendemento enerxético, unha mellor formación e empregos de mellor calidade). Para lles poder proporcionar máis axuda estatal ás PEME, a Comisión anunciou un paquete de medidas simplificadoras que aceleren a toma de decisións sobre as axudas estatais e a adopción de medidas temporais que lles faciliten aos Estados membros a concesión de certos tipos de axudas ás PEME.

É máis, os programas de gasto da UE, como o Programa de Competitividade e Innovación<sup>2</sup>, ou o Programa Marco de Investigación<sup>3</sup>, pódense empregar para lles dar proporcionado de xeito máis eficaz apoio ás PEME. Nesta mesma liña, é posible reforzar as sinerxías entre a estratexia de Lisboa e o Plan de acción europeo sobre o cambio climático e a enerxía fomentando o investimento na innovación en tecnoloxías cun nivel baixo de emisión de carbono e a adopción de medidas para conseguir un bo rendemento enerxético que favorecerán a competitividade europea e, ao mesmo tempo, permitirá acadar os nosos obxectivos sobre seguridade enerxética e cambio climático.

## **1.2 Axudas estatais para as PEME**

En primeiro lugar, cómpre destacar que para apoiar as PEME, os Estados membros poden utilizar diferentes instrumentos que non son considerados axudas estatais:

Medidas xerais de apoio, entre as que se poden incluír unha redución xeral dos impostos relativos ao traballo e aos custos sociais, promovendo o investimento na educación xeral e na formación, medidas para proporcionar asesoramento empresarial, axudas xerais e formación para os desempregados e melloras do dereito laboral non constitúen en si mesmas axudas estatais e, xa que logo, pódense poñer en práctica de xeito inmediato nos Estados membros. Algunhas das medidas incluídas na Lei da pequena empresa, como pode ser a redución nos atrasos dos pagamentos para mellorar o fluxo de caixa das PEME ou a proposta da Comisión de que as pequenas empresas deberían estar exentas da excesiva carga que supoñen as regras de contabilidade e notificación estatística tampouco constitúen unha axuda estatal.

As medidas de apoio ás PEME que constitúen unha axuda estatal, segundo o disposto no apartado 1 do artigo 87 do Tratado, deben respectar o procedemento establecido para as axudas estatais. Algunhas destas medidas:

- en determinadas condicións, non se considerarán axudas estatais (véxase máis adiante o apartado sobre a regra “de minimis” para as medidas por un importe limitado ou de garantías);
- constitúen axudas estatais, pero poderanas conceder directamente os Estados membros sen llo notificar á Comisión (véxase máis adiante o apartado sobre as medidas incluídas no Regulamento xeral de exención por categorías [RXEC])

---

<sup>2</sup> [http://ec.europa.eu/cip/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/cip/index_en.htm)

<sup>3</sup> [http://ec.europa.eu/research/fp7/index\\_en.cfm?pg=understanding](http://ec.europa.eu/research/fp7/index_en.cfm?pg=understanding)

- en xeral poderanse considerar axudas estatais compatibles, se reúnen as condicións establecidas nos esquemas e directrices importantes da Comisión (véxase máis adiante os apartados sobre capital risco, I+D+i, protección ambiental, rexións menos favorecidas). Estas medidas deberan ser comunicadas á Comisión e poderanse poñer en marcha unicamente despois de recibir a autorización da Comisión.

A Comisión modernizou hai pouco a lexislación en materia de axudas estatais para animar os Estados membros a concentrar os investimentos máis nos obxectivos fixados na estratexia de Lisboa relativos ao crecemento, o emprego e a competitividade. Neste contexto, déuselles unha especial énfase ás PEME, incrementando a súas posibilidades de conseguir unha axuda estatal. De feito, **as PEME poden optar a todos os tipos de axudas que permite a lexislación europea en materia de axudas estatais, así como a aquel tipo de medidas de apoio que tamén se poden conceder ás grandes empresas, co que se benefician dunha intensidade de axuda máis elevada.** Tendo en conta o feito de que as disfuncións do mercado son máis grandes para as pequenas empresas que para as medianas, establecéronse diferentes intensidades básicas de axuda e diferentes gratificacións para cada un dos tipos de empresas.

Ademais, simplificouse de maneira importante a lexislación en materia de axudas estatais e racionalizouse no recente **Regulamento xeral de exención por categorías (RXC)**<sup>4</sup> e agora ofréceselles aos Estados membros un amplo abano de medidas de apoio ás PEME cunha carga administrativa mínima. Estas medidas de apoio que establece o RXC están exentas do requisito de notificación previa. En consecuencia, os Estados membros poderán conceder este tipo de axudas de maneira inmediata y poderán informar a Comisión despois. Para poder estar exentas as axudas, ao abeiro do establecido no RXC, estas deberán cumprir un certo número de condicións que se fixan o regulamento. En concreto, o RXC aplícase só ás axudas transparentes, é dicir, a aquelas axudas das que se pode calcular de antemán a cantidade exacta de axuda. Os Estados membros poderanlles conceder diferentes tipos de axudas ás PEME e poderán acumular as diversas axudas sempre que se cumpran as condicións de acumulación establecidas no RXC. Por exemplo, unha única PEME poderá recibir, ao mesmo tempo, axudas para un proxecto de formación (axudas para a formación profesional), para mercar unha máquina (axudas ao investimento) e para participar en feiras sen ter que pasar polo habitual procedemento de notificación previa, posto que atinxen a actividades diferentes (“diferentes custos subvencionables”).

Este manual pretende dar unha visión global concisa das posibilidades de subvención ás PEME que permite a lexislación comunitaria en materia de axudas estatais.

Pódense consultar os textos íntegros da lexislación aplicable na páxina web da Dirección Xeral da Competencia:

[http://ec.europa.eu/comm/competition/state\\_aid/legislation/legislation.html](http://ec.europa.eu/comm/competition/state_aid/legislation/legislation.html).

---

<sup>4</sup> Regulamento (CE) Nº 800/2008 da Comisión do 6 de agosto de 2008 polo que se declaran compatibles co mercado común certos tipos de axudas ao abeiro do establecido nos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías) DO L 214, 9/8/2008, p. 3.

As axudas ás PEME consolidáronse e simplificáronse en todas as excepcións sectoriais. Estas exclusións son de aplicación esencialmente ás axudas estatais nos seguintes sectores: pesca e acuicultura, agricultura, sector do carbón, construción naval, aceiro e no sector da industria das fibras sintéticas. Pódense consultar os detalles da respectiva normativa específica sectorial nos textos legislativos oportunos.

Pódese consultar a lexislación específica de aplicación a determinados sectores nos seguintes sitios:

Para a pesca e a acuicultura: [http://ec.europa.eu/fisheries/legislation/state\\_aid\\_fr.htm](http://ec.europa.eu/fisheries/legislation/state_aid_fr.htm)<sup>5</sup>

Para a agricultura: [http://ec.europa.eu/agriculture/stateaid/leg/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/agriculture/stateaid/leg/index_en.htm)<sup>6</sup>

Para o sector enerxético e dos transportes:

[http://ec.europa.eu/dgs/energy\\_transport/state\\_aid/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/dgs/energy_transport/state_aid/index_en.htm)<sup>7</sup>

## 1.3 Definicións

### 1.3.1 Que é unha PEME?

A definición de PEME empregada no ámbito das axudas estatais é idéntica á definición habitual de PEME empregada pola Comisión tal como emprega na recomendación concreta sobre a definición de PEME<sup>8</sup>. Esta definición aparece tamén no Anexo 1 do RXEC e pódese atopar tamén no anexo II deste manual.

- **Mediana empresa** é aquela empresa que cumpre todos e cada un dos seguintes criterios:
  - Ten menos de 250 persoas empregadas e

---

<sup>5</sup> Véxanse as “Directrices para o exame das axudas estatais no sector da pesca e da acuicultura” (DO C 84 do 3/04/2008)

<sup>6</sup> Véxase o Regulamento (CE) Nº 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción e produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) Nº 70/2001 (DO L 358 do 16/12/2006)  
Directrices comunitarias en materia de axudas estatais ao sector agrario e forestal 2007-2013 (DO C 319 do 27/12/2006)  
Regulamento (CE) Nº 1628/2006 da Comisión, do 26 de outubro de 2006 sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas ao investimento rexional nacional. (DO L 302 do 1/11/2006)  
Directrices comunitarias en materia de axudas estatais para facer publicidade dos produtos listados no Anexo I do Tratado e de certos produtos non incluídos nese Anexo I (DO C 252 do 12/09/2001)  
Directrices comunitarias en materia de axudas estatais relativas á realización de probas para detectar EET, así como á xestión do gando morto e os residuos procedentes dos matadoiros. (DO C 324 do 24/12/2002)

<sup>7</sup> Véxase a Comunicación C 312 (2005) da Comisión – Directrices comunitarias sobre financiamento de aeroportos e axudas á posta en marcha de liñas aéreas con base en aeroportos rexionais (DO C 312, do 9/12/2005, p. 0001)  
Comunicación C 43 (2004) da Comisión – Directrices comunitarias sobre axudas estatais ao transporte marítimo (DO C 013, do 17/01/2004 p. 0003 – 0012)  
Directrices comunitarias sobre axudas estatais para empresas ferroviarias (DO do 22/07/2008, 2008 C 184/07 páxina 13)

<sup>8</sup> Recomendación da Comisión do 6/05/2003 sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas C (2003) 1422 final (DO L 124 do 20/05/2003) [http://ec.europa.eu/enterprise/eneterprise\\_policy/sme\\_definition/decision\\_sme\\_en.pdf](http://ec.europa.eu/enterprise/eneterprise_policy/sme_definition/decision_sme_en.pdf)

- Conta cun volume de negocios anual que non supera os 50 millóns de euros e/ou cun balance xeral anual que non excede dos 43 millóns de euros.
- Unha **pequena empresa** é unha empresa que cumpre todos e cada un dos seguintes criterios:
  - Ten menos de 50 persoas empregadas
  - Conta cun volume de negocios ou cun balance xeral anuais que non excede dos 10 millóns de euros
- Unha **microempresa** é aquela empresa que cumpre todos e cada un dos seguintes criterios:
  - Ten menos de 10 persoas empregadas
  - Conta cun volume de negocios ou cun balance xeral anual que non excede dos 2 millóns de euros.

Estes criterios débense empregar á empresa no seu conxunto (incluídas as filiais noutros Estados membros ou fóra da UE). O regulamento proporciona definicións de empresa autónoma, empresa asociada e empresa vinculada para poder calcular a situación económica real da PEME en cuestión.

### 1.3.2 Conceptos de axuda estatal.

Por “axuda” enténdese calquera medida que cumpre todos e cada un dos criterios fixados no apartado 1 do artigo 87 do Tratado. Por “régime de axudas” enténdese calquera lei ao abeiro da cal, sen que cumpran outras medidas de execución, se poden conceder axudas individuais ás empresas definidas nesa lei dun xeito xeral e abstracto, así como calquera lei ao abeiro da cal se poden conceder axudas que non estean destinadas a ningún proxecto concreto a unha ou varias empresas por un período de tempo indefinido e/ou por unha cantidade indeterminadas. Por “intensidade de axuda” enténdese a cantidade da axuda expresada como porcentaxe dos custos subvencionables. Por “zonas asistidas” enténdense as rexións que cumpren os requisitos para recibir unha subvención rexional, tal como se describe no mapa das axudas rexionais aprobado para o Estado membro en cuestión para o período 2007-2013.

## 2. APOIO FINANCEIRO ÁS PEME

### 2.1 Axudas por un importe pequeno (a denominada regra “de minimis”)

O regulamento “de minimis” é un instrumento polo que un Estado membro pódelle conceder subvencións por un importe limitado ás empresas, en concreto ás PEME, de xeito moi rápido, **sen ter que llo notificar á Comisión e sen ter que soportar ningún procedemento administrativo**. Esta regra baséase na idea de que, na ampla maioría dos casos, as subvencións de escasa importancia non teñen efecto ningún no comercio e na competencia entre Estados membros e, xa que logo, non constitúen unha axuda estatal consonte o establecido no apartado 1 do artigo 87 do Tratado.

O regulamento “de minimis” especifica que as axudas **por un importe máximo de 200.000 euros por empresa** nun **período de tres anos fiscais** non constitúen unha axuda estatal de acordo co establecido no Tratado, o que implica que un Estado membro pode conceder estas cantidades sen ningunha carga de procedemento. **Unha garantía do Estado que ascende a 1,5 millóns de euros** pode entenderse que contén unha axuda que non supera os 200.000 euros.

Ao abeiro do marco temporal para concesión de axudas estatais como apoio ao acceso ao financiamento dentro da actual crise económica e financeira (véxase o capítulo 4 deste manual), os Estados membros poderán conceder, en determinadas circunstancias, unha cantidade a tanto alzado por un importe máximo de 500.000 euros por empresa ata o 31/12/2010. Esta subvención concedida ao abeiro do marco temporal si constitúe unha axuda estatal, de acordo co significado fixado no apartado 1 do artigo 87 do Tratado, co que non se pode incluír no apoio dos 200.000 euros do regulamento “de minimis”.

#### **Condicións:**

O límite máximo da axuda concedida ao abeiro da regra “de minimis” é de 200.000 euros (ou subvención equivalente en efectivo) nun período de tres anos fiscais.

O límite máximo calcularase tendo en conta o total de todas as axudas públicas concedidas pola regra “de minimis”. Con todo, non impedirá a posibilidade de poder conseguir outras subvencións estatais ao abeiro doutros programas aprobados pola Comisión, sen prexuízo da regra de acumulación que se describe máis adiante.

O límite máximo aplícase a todo tipo de axudas, independentemente da forma que adopte, ou dos obxectivos que sigan. O único tipo de subvención que queda excluído do beneficio da regra “de minimis” son as axudas á exportación.

Este regulamento aplícase só aos tipos “transparentes” de axudas, o que significa que só serán aquelas axudas das que se pode determinar por adiantado o equivalente en subvención bruta sen ter que realizar unha avaliación de riscos.

Este regulamento será de aplicación ás empresas de todos os sectores, coa **excepción** de:

Axudas concedidas a empresas **da pesca e da acuicultura**<sup>9</sup>

Axudas concedidas a empresas **dedicadas á produción de produtos agrícolas**<sup>10</sup>

Axudas concedidas a empresas **dedicadas ao procesamento e comercialización de produtos agrícolas** (en determinados casos)

Axudas concedidas para **actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou a outros Estados membros**

Axudas **dependendo do uso das mercadorías nacionais sobre as importadas**

Axudas concedidas ás empresas **pertencentes ao sector do carbón**.

Axudas **para a adquisición de vehículos para o transporte de mercadorías por estrada** concedidas a empresas que realizan esas tarefas por conta allea.

Axudas concedidas a **empresas en crise**.

### ***Que é unha axuda transparente?***

Dise que unha axuda é transparente cando resulta posible calcular con exactitude o equivalente en subvención bruta da axuda con antelación sen ter que realizar unha avaliación dos riscos.

Por exemplo:

**As axudas consistentes en préstamos** serán consideradas axudas “de minimis” transparentes cando o equivalente en subvención bruta fora calculado baseándose nos tipos de xuro do mercado dominantes no momento da concesión.

**As axudas consistentes en inxeccións de capital** non se considerarán axudas “de minimis” transparentes a non ser que a suma total da inxección pública non supera o límite máximo fixado pola regra “de minimis”.

**As axudas consistentes en medidas de capital risco** non se considerarán axudas “de minimis” transparentes a non ser que o programa de capital risco pertinente só lle proporcione capital a cada empresa por un límite máximo fixado na regra “de minimis”

**As axudas individuais concedidas en virtude dun réxime de garantía** a empresas que non sexan empresas en crise serán consideradas axudas “de minimis” transparentes cando a parte garantida do préstamo subxacente concedido consonte o devandito réxime non sexa superior a 1.500.000 euros por empresa.

---

<sup>9</sup> Regulamento (CE) Nº 875/2007 da Comisión relativo á aplicación da regra de minimis no sector pesqueiro:

<http://eurlex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2007:193:0006:00012:EN:PDF>

<sup>10</sup> Regulamento (CE) Nº 1535/2007 da Comisión, do 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis no sector agrario (DO L 337 do 21/12/2007):

<http://eurlex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2004:325:0004:0009:EN:PDF>

**As axudas individuais concedidas en virtude dun réxime de garantía concedidas a empresas dedicadas ao transporte de mercadorías por estrada que non sexan empresas en crise serán consideradas axudas “de minimis” transparentes cando a parte garantida do préstamo subxacente concedido dentro dese réxime non supere os 750.000 euros por empresa.**

***Para máis información:***

*“Regulamento (CE) Nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006 relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas “de minimis” (Diario Oficial Nº L 379, 28/12/2006, p. 5)*

<http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2006:379:0005:0010:EN:PDF>

## 2.2 Garantías estatais

As axudas estatais en forma de garantía constitúen un instrumento importante para apoiar o desenvolvemento de empresas e para lles facilitar o acceso ao financiamento, o que é de grande importancia para as PEME.

O principal obxectivo da **Comunicación da Comisión relativa ás axudas estatais outorgadas en forma de garantía**, presentada pola Comisión en 2008, é determinar as **condicións que deben cumprir as garantías estatais para que non constitúan unha axuda estatal** para os efectos do previsto nos artigos 87 e 88 do Tratado CE. O documento fixa metodoloxías claras e transparentes para calcular o elemento de axuda nunha garantía. O disposto nesta comunicación será de aplicación a **todas as garantías nas que teña lugar unha transferencia de risco**. As garantías máis habituais están asociadas a préstamos ou a calquera outra obriga financeira contraída polo prestameiro perante o prestamista. Estas garantías poderanse conceder de xeito individual ou como parte dun programa. Con todo, a comunicación abrangue tamén outras posibles formas de garantías.

Introdúcense **normas simplificadas para que as PEME** poidan abordar as dificultades concretas que teñen á hora de acceder ao financiamento. Son dúas as ferramentas coas que os Estados membros poden valorar o elemento de axuda dunha garantía para unha PEME dun xeito sinxelo:

**A posibilidade de utilizar primas de refuxio predefinidas** baseadas en categorías de clasificación e que se consideran que se axustan ao mercado e, xa que logo, que están libres de axuda. Pódense empregar tamén como referencia para calcular a axuda equivalente no caso de primas inferiores.

**Aplicase unha prima do 3,8% anual** no caso de empresas de recente creación, aínda que non posúan clasificación.

**No caso dos réximes de garantías**, pódese aplicar, en liñas xerais, unha prima única cando o importe garantido **non supera os 2,5 millóns de euros por empresa**. Deste xeito conséguese un efecto centralizador do risco a favor de garantías para as PEME por importes baixos.

### **Condicións:**

#### **(a) Garantías individuais**

O prestameiro non é unha compañía en crise<sup>11</sup>

Vinculadas a unha transacción financeira específica por un período de tempo limitado e un importe máximo.

Non cobren máis do 80% do préstamo pendente (ou de calquera outra obriga financeira).

---

<sup>11</sup> Segundo a definición fixada nas Directrices comunitarias aplicables ás axudas estatais para salvar e reestruturar empresas en crise DO C 244, 1/10/2004, p.2. Véxase tamén o capítulo 3.9 deste manual.

Debe haber proporcionalidade nos reembolsos e na redución da garantía así como compartir as perdas

Págase pola garantía un prezo baseado no mercado

Posibilidade de empregar primas refuxio predefinidas (vinculadas á cualificación crediticia da PEME)

**(b) Réxime de garantías:**

As empresas en crise deberíanse excluír do réxime<sup>12</sup>

Garantías deben estar vinculadas a transaccións específicas por un período de tempo limitado e por un importe máximo.

Non poden abranguer máis do 80% do préstamo pendente (ou de calquera outra obriga financeira)

As primas débense revisar polo menos unha vez ao ano

As primas deben cubrir os riscos normais, os custos administrativos e unha remuneración anual dun capital axeitado.

Condicións transparentes para conceder garantías futuras (é dicir empresas subvencionables)

Posibilidade de empregar primas refuxio ou posibilidade dunha prima única (evitando a necesidade dunha clasificación da PEME beneficiaria) por un importe garantido de ata 2,5 millóns de euros por empresa nese réxime concreto (o que permite un efecto centralizador do risco a favor de garantías para as PEME por importes baixos).

**Para máis información:**

*“Comunicación da Comisión relativa á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais outorgadas na forma de garantía” (Diario Oficial Nº C 155. 20/6/2008, p. 10-22 e Corrección de erros da p. 15 no Diario Oficial Nº C 244, 25/4/2008, p. 32)*

<http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:C:2008:155:0010:0022:EN:PDF>

---

<sup>12</sup> Segundo a definición fixada nas Directrices comunitarias aplicables ás axudas estatais para salvar e reestruturar empresas en crise. DO C 244. 1/10/2004, p.2. Véxase tamén o capítulo 3.9 deste manual.

### 2.3 Axudas capital risco

O capital risco constitúe un instrumento importante para o financiamento das PEME. As novas **directrices sobre capital risco** entraron en vigor en agosto de 2006.

O **RXEC** introduciu axudas na forma de medidas de capital risco entre os tipos de axuda que están exentos do requisito de notificación.

A Comisión establece un novo limiar de seguridade de **1,5 millóns de euros por PEME obxectivo**. Dentro deste límite a Comisión acepta como principio que faltan medios alternativos de conseguir fondos dos mercados de capital risco (é dicir, que existe algunha deficiencia no mercado).

Estas medidas **fomentan a creación de fondos de capital de especulación e o investimento en PEME de crecemento rápido**. Isto resulta particularmente importante nas circunstancias económicas que exacerban a aversión ao risco no sector financeiro europeo.

**A concesión de axudas capital risco** é posible en **todos os sectores** da economía, coa **excepción** de empresas:

- en crise, segundo se definen nas directrices comunitarias relativas á aplicación das axudas estatais para salvar e reestruturar empresas en crise;
- nos sectores da construción naval, co carbón e do aceiro.

#### **Conceptos:**

**Limiar de seguridade:** a medida de capital risco debe proporcionar tramos de financiamento, xa sexa total ou parcialmente con cargo á axuda estatal, sen que supere os 1,5 millóns de euros por PEME obxectivo nun período de 12 meses.

**Capital risco:** financiamento de capital e cuasicapital ás sociedades nas súas primeiras fases do crecemento (inicial, posta en marcha e expansión), incluído o investimento informal por parte de investidores providenciais, o capital de especulación e os mercados de valores alternativos especializados nas PEME, incluídas as sociedades de crecemento rápido.

#### **Condições:**

Ao abeiro do disposto nas **directrices**, resulta posible quitarlle valor a algunhas das condicións enumeradas máis adiante. Nese caso, a axuda será analizada cunha avaliación detallada comparando os seus efectos positivos e negativos.

Segundo o **RXEC**, deberanse cumprir as seguintes condicións:

Ata un máximo de **1,5 millóns de euros por empresa obxectivo nun período de doce meses**.

Para as **PEME situadas nas zonas asistidas**, ademais de para as **pequenas empresas situadas nas zonas non asistidas**, as medidas de capital risco estarán restrinxidas a proporcionar o **capital inicial, o capital de posta en marcha e/ou o de expansión**.

**Para as empresas medianas situadas nas zonas non asistidas**, as medidas de capital risco estarán restrinxidas a proporcionar **capital inicial e/ou o de posta en marcha**, e quedará excluído o capital de expansión.

O fondo de investimento deberá **proporcionar polo menos o 70% dos seus orzamentos totais investidos na PEME obxectivo** en forma de capital ou cuasicapital.

Polo menos **o 50% do financiamento** dos fondos de investimento deberá ser proporcionado por **investidores privados**.

No caso dos fondos de investimento que teñen por obxectivo exclusivamente as **PEME situadas nas zonas asistidas**, polo menos o **30% do financiamento** será proporcionado por **investidores privados**.

O fondo de investimento deberá **perseguir a rendibilidade** e a súa xestión deberase realizar **con criterios comerciais**.

#### ***Clasificación das posibles formas de axuda, conforme o disposto nas directrices***

**Constitución de fondos de investimento (fondos de capital de especulación)** nos que o Estado é socio, investidor ou partícipe, aínda que sexa en condicións menos vantaxosas ca as dos outros investidores;

**Garantías a investidores de capital risco ou a fondos de capital de especulación** contra unha porcentaxe de perdas de investimento, ou garantías dadas no que atinxe a préstamos a investidores/fondos para o investimento en capital risco, sempre que a cobertura pública para as perdas subxacentes potenciais non supere o 50% da cantidade nominal do investimento garantido;

**Outros instrumentos financeiros a favor de investidores de capital risco ou fondos de capital de especulación** para proporcionar capital adicional para o investimento;

**Incentivos fiscais aos fondos de investimento e/ou aos seus administradores ou aos investidores** para realizar investimentos de capital risco.

#### ***Clasificación das posibles formas de axuda, conforme o disposto no RXEC***

**Constitución de fondos de investimento (fondos de capital de especulación)** nos que o Estado é socio, investidor ou partícipe, aínda que sexa en condicións menos vantaxosas ca as dos outros investidores

#### ***Para máis información:***

*Directrices comunitarias sobre axudas estatais para fomentar os investimentos de capital risco nas pequenas e medianas empresas (Diario Oficial C 194, 18/08/2006, p. 2)*

<http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:C:2006:194:0002:0021:EN:PDF>

*Regulamento (CE) Nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87*

*e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías) (Diario Oficial L 214, 9/08/2008, p. 003-047)*

[http://ec.europa.eu/comm/competition/state\\_aid/legislation/block.cfm](http://ec.europa.eu/comm/competition/state_aid/legislation/block.cfm)

### 3. MEDIDAS DE AXUDA PARA FOMENTAR O CRECEMENTO E O DESENVOLVEMENTO DAS PEME

#### 3.1 Axudas de investigación e desenvolvemento e innovación

A Comisión adoptou un **Marco sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (I+D+i)** en 2006 e o **RXEC** en 2008, que inclúe moitas das categorías de I+D+i. tanto o Marco comunitario como o RXEC conteñen novas disposicións de innovación, **orientadas especialmente para as PEME** e que tamén axudan a dirixir as axudas cara á creación de postos de traballo ou ao crecemento, consonte as liñas fixadas na estratexia de Lisboa.

#### *Categorías de posibles medidas de axuda de acordo co establecido no Marco comunitario*

**Axudas para proxectos de I+D:** nesta categoría inclúense as axudas destinadas a:

- investigación fundamental: ata o 100% dos custos subvencionables
- investigación industrial: ata o 80% dos custos subvencionables, no caso das pequenas empresas e o 75%, no caso das empresas medianas
- desenvolvemento experimental: ata o 60% dos custos subvencionables no caso das pequenas empresas e o 50% no caso das medianas.

**Axudas para estudos de viabilidade técnica:** Poderanse conceder axudas para estudos de viabilidade técnica de carácter preparatorio para actividades de investigación industrial ou desenvolvemento experimental. No caso das PEME, a axuda pode representar o 75% dos custos subvencionables no caso dos estudos preparatorios para actividades de investigación industrial e o 50% dos custos subvencionables no caso dos estudos preparatorios para actividades de desenvolvemento experimental.

**Axudas aos custos de dereitos da propiedade industrial:** Estas axudas poderán cubrir os custos asociados á obtención e á validación de patentes e outros dereitos da propiedade industrial.

**Axudas para o préstamo do persoal altamente cualificado:** o persoal debe desempeñar unha función de nova creación dentro da empresa beneficiaria e debe levar empregado como mínimo dous anos no organismo investigador ou grande empresa que envíe o persoal en comisión de servizo. A intensidade da axuda non superará o 50% dos custos subvencionables, durante un máximo de tres anos por empresa e persoa prestada.

**Axudas á I+D nos sectores pesqueiro e agropecuario:** Concederanse as axudas directamente ao organismo investigador e non suporán a concesión directa de axudas non relacionadas coa investigación a empresas que produzan, transformen ou comercialicen produtos agrícolas nin proporcionarán subvencións aos prezos dos produtores. A intensidade da axuda non superará o 100% dos custos subvencionables, sempre que se cumpran en cada caso unhas condicións concretas.

**Axudas para empresas novas e innovadoras:** as beneficiarias serán pequenas empresas que teñan menos de 6 anos de vida no momento no que se concede a axuda. Para os efectos do disposto no RXEC, o carácter innovador da empresa beneficiaria quedará reflectido polo feito

de que os seus gastos de I+D serán polo menos do 15% do total de gastos de funcionamento durante polo menos un dos tres anos anteriores á concesión da axuda ou, cando sexa unha empresa de nova creación, sen historial financeiro, segundo conste na auditoría do exercicio fiscal en curso, consonte a certificación dun auditor externo.

A empresa beneficiaria poderá recibir outras axudas estatais, á parte das axudas de I+D+i ou de capital risco unicamente transcorridos tres anos dende a concesión da axuda para empresas novas e innovadoras.

O importe desta axuda non superará o millón de euros. Con todo, poderá chegar a 1,5 millóns de euros naquelas rexións que se poden acoller á excepción do artigo 87, apartado 3, letra a do Tratado, e chegar a 1,25 millóns de euros naquelas rexións que se poden acoller á excepción do artigo 87, apartado 3, letra c do Tratado.

**Axudas para servizos de asesoramento e apoio á innovación.** O importe das axudas non superará o máximo de 200.000 euros por beneficiario nun período de tres anos. Se o provedor de servizos posúe unha certificación nacional ou europea, as axudas poderán cubrir o 100% dos custos subvencionables; pero se non o posúe o importe máximo da axuda será do 75% dos custos subvencionables.

**Axudas á innovación en materia de procesos e organización en actividades de servizos.** A innovación en materia de procesos e organización debe ser unha novidade ou unha mellora importante con respecto ao estado actual neste sector na industria da Comunidade e implicar un grao de risco evidente.

A innovación en materia de organización deberá estar sempre relacionada co uso e explotación das tecnoloxías da información e a comunicación para cambiar a organización.

A intensidade de axuda máxima será do 25% nas empresas medianas e do 35% nas pequenas empresas.

#### **Axudas para agrupacións (clúster) innovadoras.**

Poderanse conceder **axudas ao investimento** para a constitución, expansión e animación de agrupacións (clúster) innovadoras exclusivamente á entidade xurídica que xestione o clúster. A intensidade de axuda máxima será do 25% no caso das empresas medianas e do 35% no caso das pequenas empresas. Serán de aplicación intensidades de axuda máis altas no caso de agrupacións existentes nas zonas asistidas.

Poderanse conceder, de xeito temporal, **axudas de funcionamento para a animación do clúster** á entidade xurídica que xestione esa agrupación innovadora.

#### ***Categorías de posibles medidas de axuda de acordo co establecido no RXEC***

**TODAS as categorías de axudas á I+D+i establecidas no Marco están cubertas no RXEC e, xa que logo, están exentas do procedemento de notificación,** coas seguintes excepcións:

- 1.- **Axudas á innovación en materia de procesos e organización en actividades de servizos**
- 2.- **Axudas para agrupacións (clúster) innovadoras**

**3.- Grandes cifras das axudas individuais:** as categorías de axudas á I+D+i están incluídas no RXEC sempre que non se traspasen os seguintes **limiares de declaración obrigatoria** (por empresa, por proxecto/estudo):

- Se o proxecto é predominantemente de investigación fundamental: 20 millóns de euros\*
- Se o proxecto é predominantemente de investigación industrial: 10 millóns de euros\*
- Demais proxectos: 7,5 millóns de euros\*
- Axudas aos custos de dereitos da propiedade industrial: 5 millóns de euros

\* Estes limiares veranse dobrados no caso de proxectos EUREKA

***Para máis información:***

*Marco comunitario sobre axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (Diario Oficial C 323 do 30/12/2006, p. 1)*

<http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:C:2006:323:0001:0026:EN:PDF>

*Regulamento (CE) Nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías) (Diario Oficial L 214, 9/08/2008, p. 003-047)*

[http://ec.europa.eu/comm/competition/state\\_aid/legislation/block.cfm](http://ec.europa.eu/comm/competition/state_aid/legislation/block.cfm)

### 3.2 Axudas para a protección ambiental

A principios de 2008 adoptáronse unhas novas **Directrices comunitarias sobre axudas estatais a favor do ambiente**, dentro do contexto do conxunto de medidas relativas ao cambio climático. Segundo estas directrices, os Estados membros poderanlles conceder axudas ás PEME e ás grandes empresas para proxectos que sexan respectuosos co ambiente.

Inseríronse hai pouco no RXEC un gran número de posibles axudas para fomentar a protección ambiental para que os Estados membros as puidesen conceder dun xeito doado e inmediato, sen ter que llo comunicar á Comisión. Estas subvencións non cómpre comunicarlhas se non superan o límite dos 7,5 millóns de euros por empresa e por proxecto de investimento, sempre que se cumpran as condicións que establece o RXEC.

Para as axudas ao investimento, os custos subvencionables son os custos de investimento adicionais necesarios para acadar un nivel de protección ambiental superior ao esixido por calquera das normas comunitarias, ou se non existise norma comunitaria ningunha. Calquera beneficio ou gasto de explotación que tivese lugar durante o período de tempo especificado deberase deducir dos custos subvencionables.

#### ***Tipos das diferentes medidas de axudas segundo fixan as directrices.***

**Axudas para as empresas que superen as normas comunitarias ou que incrementen o nivel de protección ambiental en ausencia de normas comunitarias:** subvencións para fomentar os investimentos que produzan efectos favorables no medio natural que poden chegar a acadar o 70%, no caso das pequenas empresas, ou o 60%, para as medianas empresas. Estas porcentaxes poderanse incrementar nun 10% cando as medidas correspondan á ecoinnovación e a axuda poderá chegar a acadar o 100% dos custos adicionais de investimento cando se produza un proceso de ofertas. Estas axudas tamén se poden empregar para adquirir novos vehículos de transporte que sexan respectuosos co ambiente.

**Axudas para a adaptación anticipada a futuras normas comunitarias:** Estas axudas están pensadas para cumprir con novas normas comunitarias destinadas a mellorar a protección ambiental, que aínda non entraran en vigor. A intensidade máxima da axuda da que se poden beneficiar as PEME é: Cando o proxecto se realiza ou remata

- máis de tres anos antes da entrada en vigor da norma: o 25% para as pequenas empresas e o 20% para as medianas
- entre un e tres anos antes de entrar en vigor a norma: o 20% para as pequenas empresas e o 15% para as medianas.

#### **Axudas para medidas de aforro de enerxía:**

- **Axudas ao investimento** que poden chegar a acadar o 80% dos custos, no caso das pequenas empresas, ou o 70% no caso das medianas. As axudas poden acadar o 100% dos custos adicionais do investimento cando se produza un proceso de ofertas.
- **Axudas á explotación**, cun límite a un período de 5 anos.

### **Axudas ás fontes de enerxía renovable:**

- **Axudas ao investimento**, que poden chegar a acadar o 80%, no caso das pequenas empresas, ou o 70% no caso das medianas. As axudas poden acadar o 100% cando se produza un proceso de ofertas.
- **Axudas á explotación**: Os Estados membros poderán conceder axudas para cubrir os custos adicionais que supón producir enerxía procedente de fontes renovables fronte á procedente das fontes convencionais. Poderanse conceder axudas á explotación de acordo con diferentes opcións.

**Axudas ao investimento para a coxeración de alta eficacia**: os Estados membros poderán conceder axudas para que as empresas poidan obter, grazas a ese investimento, un aforro de enerxía e tamén para a coxeración por un importe que pode chegar a ser do 80% dos custos subvencionables no caso das pequenas empresas, e do 100%, cando se poña en marcha un proceso de ofertas.

**Axudas á calefacción urbana enerxeticamente eficiente**: ata o 70%, no caso das pequenas empresas e do 60% no caso das medianas. Un 100%, se hai un proceso de ofertas.

**Axudas para estudos ambientais**: axudas ás empresas para estudos directamente vinculados aos investimentos destinados a superar as normas comunitarias de protección ambiental ou a obter aforro enerxético ou a producir enerxía renovable. Pode chegar ao 70% dos custos do estudo, no caso das pequenas empresas e ao 60%, no caso das medianas.

**Axudas para a xestión dos residuos**: estas axudas abranguen aquelas concedidas para a xestión dos residuos doutras empresas, incluídas as actividades de reutilización, reciclaxe e recuperación. As axudas poderán acadar o 70% dos custos subvencionables para as pequenas empresas e o 60% para as medianas.

**Axudas para o saneamento de predios contaminados**: estas axudas só se poderán conceder cando non se dera identificado o contaminador ou non poida ser obrigado a facerse cargo dos gastos. Estas axudas poderán ascender ao 100% dos custos subvencionables.

**Axudas para o traslado de empresas a outros sitios**, debido a razóns de protección ambiental. O cambio de localización deberá estar motivado por razóns de prevención ou protección do medio e debe ser previamente ordenado mediante decisión administrativa ou xudicial dunha autoridade pública competente ou acordado entre a empresa e a autoridade pública competente. A empresa beneficiaria deberá cumprir as normas ambientais máis estritas aplicables na nova rexión onde se sitúe. Poderase acoller a estas axudas unha empresa establecida nunha zona urbana ou nunha zona especial de conservación así como os establecementos ou instalacións dentro do ámbito de aplicación da Directiva Seveso II. As axudas poderán acadar ata o 70% nas pequenas empresas ou ata o 60% nas medianas.

**Axudas no marco de réximes de permisos negociables**: as directrices establecen condicións concretas que se deben cumprir, así como o xeito de valorar a necesidade e a proporcionalidade das axudas estatais concedidas no marco de réximes de permisos negociables.

**Axudas en forma de reducións ou exencións dos impostos ambientais:** están permitidas se contribúen, polo menos indirectamente, a unha mellora do nivel de protección ambiental, sempre que as reducións ou exencións non minen o obxectivo xeral perseguido polo imposto. As axudas en forma de reducións ou exencións dos impostos ambientais harmonizados están permitidas por un período de 10 anos, se se paga o mínimo comunitario. No resto dos casos, as reducións ou exencións dos impostos están permitidas por 10 anos sempre que a axuda sexa considerada necesaria e proporcional e despois de analizar os seus efectos nos sectores económicos implicados.

***Tipos das diferentes medidas de axudas de acordo co RXEC.***

**Os tipos de axudas a favor do ambiente indicados deseguido vense cubertos polo RXEC e, xa que logo, están exentos do procedemento de notificación:**

**Axudas para as empresas que superen as normas comunitarias ou que incrementen o nivel de protección ambiental en ausencia de normas comunitarias** (incluída a adquisición de novos vehículos de transporte que sexan respectuosos co ambiente)

**Axudas para a adaptación anticipada a futuras normas comunitarias**

**Axudas para estudos ambientais**

**Axudas ao investimento para medidas de aforro enerxético:** os custos subvencionables pódense calcular co método simplificado (cunha intensidade de axuda menor) ou co método estándar, do mesmo xeito que nas directrices (e coa mesma intensidade de axuda)

**Axudas ás fontes de enerxía renovable**

**Axudas ao investimento para a coxeración de alta eficacia**

**Axudas en forma de reducións ou exencións dos impostos ambientais sempre que se cumpran as condicións fixadas na Directiva de impostos á enerxía (2003/96/CE):** permitidas durante 10 anos, cando se pague o mínimo comunitario.

En todos os tipos de **axudas ao investimento** existe un **cálculo simplificado dos custos subvencionables ao abeiro do establecido no RXEC:** os custos subvencionables pódense calcular sen ter en conta os custos/beneficios de explotación. Polo tanto, as intensidades de axuda serán menores, ao abeiro do RXEC, en comparación coas intensidades fixadas nas directrices, para poder garantir que as cantidades concedidas para cada obxectivo ambiental serán as mesmas, tanto ao abeiro do RXEC como ao abeiro das directrices.

Os tipos de axudas a favor do ambiente seguirán o disposto no RXEC, sempre que a **cantidade individual de axuda non supere os 7,5 millóns de euros.**

***Para máis información:***

*Directrices comunitarias sobre axudas estatais a favor do ambiente (Diario Oficial nº C 82, 1/04/2008, p.1)*

<http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:C:2008:082:0001:0033:EN:PDF>

*Reglamento (CE) Nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Reglamento xeral de exención por categorías) (Diario Oficial L 214, 9/08/2008, p. 003-047)*

[http://ec.europa.eu/comm/competition/state\\_aid/legislation/block.cfm](http://ec.europa.eu/comm/competition/state_aid/legislation/block.cfm)

### 3.3 As axudas de finalidade rexional

Nas rexións menos favorecidas, os Estados membros poderán conceder axudas de carácter rexional ao abeiro do establecido nas **Directrices sobre axudas estatais de finalidade rexional**, aplicables dende xaneiro de 2007, e ao abeiro do **RXEC**. As axudas estatais de finalidade rexional están pensadas para contribuír ao desenvolvemento das zonas menos favorecidas mediante o apoio ao investimento e á creación de emprego vinculada ao investimento, apoiando as empresas de nova creación e concedendo axudas de funcionamento en determinadas circunstancias. Fomentan a expansión e diversificación das actividades económicas das empresas situadas nas rexións menos favorecidas, en concreto animando as empresas a crearen novos establecementos nesas rexións.

As directrices abranguen as axudas de finalidade rexional en todos os sectores, agás no sector da pesca, o da industria do carbón e do aceiro, o da industria das fibras sintéticas e no da produción de produtos agrícolas. Polo xeral as directrices son de aplicación no sector do procesamento e comercialización dos produtos agrícolas. Sectores como o do transporte ou a construción naval están suxeitos a normas específicas e non se permiten axudas de finalidade rexional a empresas en crise<sup>13</sup>.

En liñas xerais, as axudas de finalidade rexional débense conceder de acordo cun réxime de axudas multisectorial que forme unha parte integral dunha estratexia de desenvolvemento rexional. De maneira excepcional, un Estado membro tamén poderá conceder unha axuda individual *ad hoc* a unha única empresa, ou outorgar axudas limitadas a un único sector de actividade, se queda suficientemente xustificado por circunstancias excepcionais.

#### **Conceptos:**

**Rexións da letra a do apartado 3 do artigo 87:** son as rexións cun nivel de vida que é anormalmente baixo ou onde existe unha situación grave de desemprego.

**Rexións da letra c do apartado 3 do artigo 87:** son zonas problemáticas definidas como tal de acordo cuns indicadores (de ámbito nacional) propostos polos Estados membros, suxeito a un límite máximo de cobertura de poboación e unhas mínimas condicións, para evitar usos indebidos.

**Investimento inicial:** investimento en activo material e inmaterial relativo:

- á creación de novos establecementos,
- á ampliación dun establecemento existente,
- á diversificación da produción dun establecemento para atender a mercados novos e adicionais, ou
- a unha transformación fundamental no proceso de produción en xeral dun establecemento existente.

---

<sup>13</sup> Consonte a definición fixada nas Directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e reestruturación de empresas en crise. DO C 244, 1/10/2004, p. 2. Véxase tamén o capítulo 3.9 deste manual.

**Creación de emprego vinculada ao investimento:** incremento neto de postos de traballo nos tres anos seguintes á finalización do investimento.

**Grandes proxectos de investimento:** investimento inicial cuns gastos subvencionables que superen os 50 millóns de euros.

### ***Tipos de posibles medidas de axuda segundo establecen as Directrices***

#### **Axudas rexionais ao investimento**

Este tipo de axudas pódese conceder para un proxecto de investimento inicial.

Os custos subvencionables calcularanse en función:

- **ben** dos custos do investimento material (terreos, edificacións, equipamento) e inmaterial (relativo á transferencia de tecnoloxía) que resulten do proxecto de investimento inicial. Este activo subvencionable non ten por que ser novo.
- **ou ben** en función dos custos salariais estimados correspondentes aos postos de traballo directos creados polo proxecto de investimento durante un período de dous anos. O investimento ou os postos de traballo deberanse manter nesa rexión durante un mínimo de tres anos. A empresa beneficiaria deberá proporcionar unha contribución financeira de polo menos o 25% dos custos subvencionables.

Para ter en conta a natureza e a intensidade dos problemas rexionais abordados, as intensidades admisibles das axudas serán maiores no caso das rexións da letra a do apartado 3 do artigo 87 que no das rexións da letra c do apartado 3 do artigo 87. As intensidades das axudas poderán variar entre o 20% e o 80% en recoñecemento ás desvantaxes específicas dunha determinada zona. Os grandes proxectos de investimento estarán suxeitos a intensidades de axuda reducidas. Cando os gastos subvencionables coas axudas de finalidade rexional poidan ser subvencionables con outro tipo de axudas (por exemplo á I+D+i), optarase polo réxime de axudas co límite máximo mais favorable.

#### **Axudas de funcionamento**

As axudas de funcionamento de carácter rexional só se poderán conceder en determinados casos moi ben definidos, cando estea xustificado polas graves desvantaxes estruturais dunha determinada rexión. Esta axuda de funcionamento consistirá no financiamento dos gastos correntes das empresas.

#### **Condições:**

- deberán estar xustificadas pola súa contribución ao desenvolvemento rexional e pola súa natureza,
- o seu importe deberá ser proporcional ás desvantaxes que se pretenden mitigar,
- estarán limitadas no tempo e iranse reducindo de xeito progresivo.

As axudas de funcionamento poderán non diminuír gradualmente nin estar limitadas no tempo:

- para compensar as desvantaxes das rexións ultraperiféricas
- para evitar ou reducir o despoboamento continuado das rexións menos poboadas
- para compensar os custos de transporte adicionais nas rexións ultraperiféricas e nas rexións con baixa densidade de poboación.

#### **Axudas a pequenas empresas de recente creación**

O obxectivo das axudas para a posta en funcionamento é apoiar as pequenas empresas nas súas primeiras fases de desenvolvemento (os cinco primeiros anos). Poderanse conceder axudas deste tipo polas seguintes cantidades:

- **ata un total de dous millóns de euros por empresa** no caso de pequenas empresas que desenvolvan a súa actividade económica nas rexións subvencionables na exención establecida na **letra a do apartado 3 do artigo 87**. A intensidade da axuda pode acadar o 35% dos gastos subvencionables realizados nos tres primeiros anos dende a constitución da empresa, e o 25% durante os dous seguintes,
- **ata un total dun millón de euros por empresa** no caso de pequenas empresas que desenvolvan a súa actividade económica nas rexións subvencionables na exención establecida na **letra c do apartado 3 do artigo 87**. A intensidade da axuda pode acadar o 25% dos gastos subvencionables realizados nos tres primeiros anos dende a constitución da empresa, e o 15% durante os dous seguintes

Estas porcentaxes poderanse incrementar nun 5% nas rexións máis desfavorecidas, nas rexións con baixa densidade de poboación e nas zonas illadas.

Os **gastos subvencionables** serán os custos xurídicos, de asesoría, consultoría e administrativos directamente relacionados coa creación da pequena empresa, así como unha serie de gastos de funcionamento que se realizen nos cinco primeiros anos dende a constitución da empresa.

Os importes anuais de axudas concedidas a empresas de recente creación non deben superar o 33% dos importes totais de axuda por empresa antes mencionados

#### ***Tipos de posibles medidas de axuda ao abeiro do RXEC***

**Os seguintes tipos de axudas están incluídos no RXEC e, xa que logo, están exentos do procedemento de notificación:**

**Axudas rexionais ao investimento e ao emprego** (para postos de traballo directos que se creen co proxecto de investimento). Exclusivamente estarán exentos do procedemento de notificación as seguintes formas de axudas:

- **réximes** de axudas transparentes

- algunhas cantidades de **axudas ad hoc** utilizadas como un complemento das axudas concedidas ao abeiro dos réximes de axudas
- as axudas concedidas ao abeiro deste réxime de axudas a **grandes proxectos de investimento individuais** cando a axuda non supere o máximo permitido que un investimento con custos subvencionables de 100 millóns pode recibir consonte os baremos e normas que se marcan nas directrices para as axudas rexionais.

#### **Axudas a pequenas empresas de recente creación**

##### ***Para máis información:***

*Directrices sobre as axudas estatais de finalidade rexional para o período 2007-2013 (Diario Oficial C 54, 4/03/2006, p. 13)*

<http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:C:2006:054:0013:0044:EN:PDF>

*Regulamento (CE) Nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías) (Diario Oficial L 214, 9/08/2008, p. 003-047)*

[http://ec.europa.eu/comm/competition/state\\_aid/legislation/block.cfm](http://ec.europa.eu/comm/competition/state_aid/legislation/block.cfm)

### 3.4 Axudas ao investimento e ao emprego

Poderanse conceder estas axudas tanto **nas rexións asistidas como nas non asistidas** (para as axudas concedidas nas rexións asistidas, véxase o apartado das axudas rexionais)

Os custos subvencionables serán:

- os **custos dos investimentos en activos tanxibles e intanxibles** ou
- os **custos salariais estimados dos postos de traballo directos creados polo proxecto de investimento**, calculados durante un período de dous anos. Isto significa que os custos do investimento tamén se poderán calcular baseándose no número de postos de traballo creados.

Os Estados membros poderán financiar ata o **20%** dos custos subvencionables, no caso das **pequenas empresas**, e o **10%** dos custos subvencionables no caso das **medianas empresas**.

Este tipo de axudas, ao abeiro do **Regulamento xeral de exención por categorías**, non lle terá que ser comunicado á Comisión, coa excepción da axuda individual superior aos 7,5 millóns de euros.

Establécense unhas condicións específicas para o investimento destinado á transformación e á comercialización de produtos agrícolas.

Para máis información:

*Regulamento (CE) Nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías) (Diario Oficial L 214, 9/08/2008, p. 003-047)*

[http://ec.europa.eu/comm/competition/state\\_aid/legislation/block.cfm](http://ec.europa.eu/comm/competition/state_aid/legislation/block.cfm)

### 3.5 Axudas á formación

Ao abeiro do establecido no **Regulamento xeral de exención por categorías**, os Estados membros poderán concederlles ás empresas axudas tanto para a formación xeral como para formación específica. Este tipo de axudas, ao estaren incluídas no RSEC, non lle terán que ser notificadas á Comisión, coa excepción das axudas individuais por importe superior a dous millóns de euros.

Os **custos subvencionables** serán os custos do persoal docente, os gastos de desprazamento do persoal docente e dos beneficiarios da formación, incluído o aloxamento, gastos de materiais e de subministracións directamente relacionados coa formación, amortización das ferramentas e equipos empregados en exclusiva na formación, servizos de asesoramento, custos de persoal dos beneficiarios da formación e custos indirectos xerais; no caso dos custos de persoal dos beneficiarios da formación será durante as horas nas que participaron na formación.

#### **Conceptos:**

**Formación específica:** formación que inclúe o ensino que sexa aplicable principal e directamente no posto de traballo actual ou futuro do traballador dentro da empresa e que proporciona unhas cualificacións que non son transferibles, ou só dun xeito limitado, a outras empresas ou ámbitos laborais.

**Formación xeral:** formación que inclúe o ensino que non é única e principalmente aplicable no posto de traballo actual ou futuro do traballador dentro da empresa, senón que proporciona cualificacións que son amplamente transferibles a outras empresas ou ámbitos laborais.

#### ***Tipos de medidas de axuda establecidos no RSEC***

- **Axudas á formación específica:** os Estados membros poderán cubrir o **45% dos custos subvencionables no caso das pequenas empresas e o 35% no caso das medianas empresas.**
- **Axudas á formación xeral:** os Estados membros poderán cubrir o **80% dos custos subvencionables no caso das pequenas empresas e o 70% no caso das medianas empresas.**

**A intensidade das axudas poderase incrementar**, ata un máximo do 80% dos custos subvencionables, nun 10% se a formación é impartida a **traballadores discapacitados ou desfavorecidos.**

As características da formación **no sector do transporte marítimo** xustifican un enfoque específico, polo que as axudas poderán acadar o 100% dos custos subvencionables.

#### ***Para máis información:***

*Regulamento (CE) Nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87*

*e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías) (Diario Oficial L 214, 9/08/2008, p. 003-047)*

[http://ec.europa.eu/comm/competition/state\\_aid/legislation/block.cfm](http://ec.europa.eu/comm/competition/state_aid/legislation/block.cfm)

### **3.6 Axudas para servizos de consultoría e para participación en feiras**

O RXEC establece posibilidades de axudas que se poden conceder para servizos de consultoría e para participar en feiras comerciais sen ter que pasar polo procedemento de notificación, coa excepción das axudas individuais por un importe superior a dous millóns de euros.

#### ***Tipos de posibles axudas establecidas no RXEC***

**Axudas para servizos de consultoría:** A intensidade da axuda non superará o 50% dos custos subvencionables, que serán os custos por servizos de consultoría prestados por consultores externos. Estes servizos non consistirán en actividades continuas ou periódicas, nin estarán relacionados cos gastos de funcionamento habituais da empresa, como poden ser os servizos rutineiros de asesoramento fiscal, servizos xurídicos periódicos ou de publicidade. O importe total da axuda concedida pode acadar os dous millóns de euros.

**Axudas para a participación das PEME nas feiras:** poden acadar un importe de dous millóns de euros por empresa e por proxecto. A intensidade da axuda non superará o 50% dos custos subvencionables, que serán os custos do alugamento, montaxe e xestión do posto de exposición para a primeira participación dunha empresa en calquera feira ou exposición. Estas axudas poderanse conceder para a participación en diferentes feiras, pero non para varias participacións na mesma feira.

#### ***Para máis información:***

*Regulamento (CE) Nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías) (Diario Oficial L 214, 9/08/2008, p. 003-047)*

[http://ec.europa.eu/comm/competition/state\\_aid/legislation/block.cfm](http://ec.europa.eu/comm/competition/state_aid/legislation/block.cfm)

### 3.7 Axudas ás iniciativas empresariais de mulleres

O RXEC permite que os Estados membros poidan fomentar, tanto nas rexións asistidas como nas non asistidas, **a creación de pequenas empresas creadas e dirixidas por mulleres**. Isto permitiralles ás empresarias vencer as deficiencias do mercado específicas ás que lles teñen que facer fronte (incluídas, sobre todo, as dificultades que teñen para acceder ao financiamento), particularmente cando se crea unha empresa por primeira vez, o que fomenta, dun xeito substancial máis que formal, a igualdade entre homes e mulleres neste ámbito.

Os Estados membros teñen a posibilidade de lles conceder axudas por importe de **ata 1 millón de euros** ás pequenas empresas de recente creación creadas por mulleres, sen que teñan que pasar polo procedemento de notificación, sempre que cumpran as condicións establecidas no RXEC.

A **intensidade das axudas** pode acadar o 15% dos custos subvencionables orixinados nos cinco primeiros anos dende a constitución da empresa. Os **custos subvencionables** serán os de tipo xurídico, de asesoramento, consultoría e administrativos directamente relacionados coa creación da pequena empresa, así como unha serie de gastos de funcionamento que fosen realmente contraídos nos cinco primeiros anos dende a constitución da empresa. En concreto, e por primeira vez, o RXEC permite tamén conceder **axudas por coidado de fillos e por gastos derivados do permiso parental**.

#### **Conceptos:**

**Empresa de recente creación creada por mulleres:** pequena empresa que cumpre as seguintes condicións:

- a) Unha ou máis mulleres posúe polo menos o 51% do capital da pequena empresa beneficiaria ou é a propietaria legal da pequena empresa beneficiaria
- b) Unha muller está á fronte da dirección e xestión da pequena empresa.

#### ***Para máis información:***

*Regulamento (CE) Nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías) (Diario Oficial L 214, 9/08/2008, p. 003-047)*

[http://ec.europa.eu/comm/competition/state\\_aid/legislation/block.cfm](http://ec.europa.eu/comm/competition/state_aid/legislation/block.cfm)

### 3.8 Axudas a favor dos traballadores desfavorecidos e discapacitados

O RXEC establece que os Estados membros poderán conceder subvencións, sen ter que pasar polo trámite de notificación previa, para axudarlles aos **discapacitados ou traballadores desfavorecidos** a atopar un traballo convencional.

#### Conceptos:

**Traballador desfavorecido:** calquera persoa que reúne algunha das seguintes características:

- leva 6 meses sen ter un emprego remunerado,
- non conseguiu o título de ensino secundario superior ou de cualificación profesional (grao 3 da Clasificación Internacional Normalizada da Educación),
- ten máis de 50 anos de idade,
- está solteiro e vive cun ou máis dependentes,
- traballa nun sector ou profesión nun Estado membro onde o desequilibrio de xénero é polo menos un 25% superior ao desequilibrio medio de todos os sectores económicos dese Estado membro e pertence a ese grupo de xénero infrarrepresentado, ou
- forma parte dunha minoría étnica e precisa do desenvolvemento dunha formación lingüística, profesional ou dun perfil laboral que lle incrementen as posibilidades de acceder a un posto de traballo estable.

**Traballador moi desfavorecido:** calquera persoa que leva 24 meses ou máis sen emprego

**Traballador discapacitado:** calquera persoa que teña unha discapacidade, segundo a lexislación nacional, o cun grao recoñecido de limitación derivado dunha deficiencia física, mental ou psicolóxica.

#### Condicións:

- A contratación debe representar un incremento neto do número de postos de traballo ou, de non ser así, os postos deberon quedar vacantes pola dimisión do traballador, pola súa discapacidade, pola xubilación por mor da idade, pola redución voluntaria da xornada de traballo ou por despedimento disciplinario dependente e non debido a motivos económicos.
- O emprego deberase manter polo menos polo período mínimo de acordo coa lexislación nacional vixente ou convenios colectivos.

Tipos de posibles axudas segundo o descrito no RXEC

#### **Traballadores desfavorecidos:**

**Axudas para a contratación de traballadores desfavorecidos en forma de subvencións salariais:** Poderanse conceder esta axudas para cubrir ata o 50% dos custos subvencionables, que son os custos salariais durante un período máximo de 12 meses dende a contratación.

Este período pódese ampliar ata os 24 meses no caso de traballadores moi desfavorecidos. O importe total destas axudas pode acadar os 5 millóns de euros por empresa e ano.

### **Traballadores discapacitados**

**Axudas para a contratación de traballadores discapacitados en forma de subvencións salariais:** estas axudas poderán cubrir ata o 75% dos custos subvencionables, que son os custos salariais durante calquera período determinado durante o que estea contratado o traballador discapacitado. Estas axudas poden acadar un máximo de 10 millóns de euros por empresa e ano.

**Axudas para compensar os custos adicionais da contratación de traballadores discapacitados:** estas axudas poden acadar o 100% dos custos adicionais, distintos dos salariais (que xa veñen cubertos polo tipo de axudas anterior) que sexan adicionais aos que a empresa tería que soportar se o traballador non fose discapacitado, durante o período no que o traballador discapacitado estea empregado. Os custos subvencionables son os seguintes: os custos derivados da adaptación das instalacións, custos da contratación de persoal dedicado exclusivamente a asistir o traballador ou traballadores discapacitados, custos de adaptación ou adquisición de equipamento para traballadores discapacitados. As axudas para compensar os custos adicionais que supón contratar traballadores discapacitados pode acadar os 10 millóns de euros por empresa e ano.

### ***Para máis información:***

*Regulamento (CE) Nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías) (Diario Oficial L 214, 9/08/2008, p. 003-047)*

[http://ec.europa.eu/comm/competition/state\\_aid/legislation/block.cfm](http://ec.europa.eu/comm/competition/state_aid/legislation/block.cfm)

### 3.9 Axudas de salvamento e reestruturación de empresas en crise

As **Directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e reestruturación de empresas en crise** permiten a **aplicación de medidas urxentes de reestruturación, mesmo dentro do período de salvamento** para aquelas empresas individuais que están en crise. Os Estados membros poderán optar por un procedemento simplificado para conceder as axudas de salvamento, sempre que o importe da axuda non supere o resultado de aplicar unha fórmula establecida e non é superior, en ningún caso, a **10 millóns de euros**.

Estas directrices son de aplicación **ás empresas de todos os sectores**, agás as que desenvolven a súa actividade no sector do carbón ou do aceiro, sen prexuízo de calquera norma específica que lles sexa aplicable ás empresas en crise no sector en cuestión.

#### **Conceptos:**

**Unha empresa en crise** é unha empresa que é incapaz, mediante os seus propios recursos ou cos fondos que pode obter de parte dos seus propietarios/accionistas ou acredores, de frear as perdas que a conducirán, sen a intervención exterior das autoridades públicas, a unha desaparición case segura do mundo empresarial a curto ou medio prazo.

**As axudas de salvamento** son axudas temporais e reversibles. Deberían posibilitar manter a flote unha empresa en crise durante o tempo preciso para elaborar un plan de reestruturación ou de liquidación e/ou durante o período de tempo preciso para que a Comisión ou as autoridades nacionais competentes na materia emitan unha decisión sobre ese plan.

**As axudas de reestruturación** están baseadas nun plan realista, coherente e de amplo alcance destinado a restablecer a viabilidade a longo prazo dunha empresa.

**As axudas de salvamento** teñen que cumprir as seguintes condicións:

- Deben consistir en **axudas de tesouraría** en forma de garantías sobre préstamos ou de préstamos con tipos de xuro comerciais habituais
- Deben limitarse ao **importe preciso para manter a empresa en funcionamento**
- Débense conceder exclusivamente durante o **tempo preciso (cun máximo de 6 meses) para deseñar un plan de recuperación**.
- Deben estar xustificadas **por razóns sociais** e **non producir efectos negativos** na situación industrial doutros Estados membros
- Deberán ir acompañadas, no momento da notificación, do compromiso do Estado membro de lle comunicar á Comisión **un plan de reestruturación ou de liquidación** ou a proba de que os préstamos foron reembolsados ou de que rematou a garantía **no prazo de seis meses** dende a concesión das axudas.

- Deberán ser **operacións excepcionais** (seguindo o principio de “unha vez e nunca máis”).

**As axudas de reestruturación** poderanse conceder sempre que se cumpran os seguintes criterios:

- **O plan de reestruturación/recuperación** presentado á Comisión debe restablecer a viabilidade nun prazo razoable de tempo.
  - o Débense adoptar **medidas compensatorias** para evitar falseamentos indebidos da competencia (por exemplo, unha redución da capacidade axeitada). Con todo esta condición non adoita ser aplicada ás pequenas empresas, porque se supón que as axudas ad hoc ás pequenas empresas non falsean a competencia de xeito que resulten contrarias ao interese común.
- **O importe das axudas débese limitar ao mínimo** preciso para a posta en marcha das medidas de reestruturación. As empresas beneficiarias deberán **contribuír de xeito importante con cargo aos seus propios recursos**, sen contar a axuda. No caso das pequenas empresas, esta contribución debe ser, polo menos, do 25% dos custos de reestruturación e do 40% no caso das medianas empresas. En circunstancias excepcionais, e no caso de dificultades especiais, a Comisión poderá aceptar unha contribución máis baixa.
- A empresa deberá **aplicar integramente o plan de reestruturación** e observar todas as condicións impostas.
- As axudas de reestruturación só se poderá **conceder unha única vez** (seguindo o principio de “unha vez e nunca máis”).
- Deberase realizar unha **supervisión estrita** e a presentar un **informe anual**.

*No caso das PEME e as empresas de rexións asistidas:* os criterios para a redución da capacidade ou para calcular a contribución da propia empresa poderán ser aplicados cun maior grao de flexibilidade.

***Para máis información:***

*Directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (Diario Oficial N° 244, 01/10/2004, p. 2)*

[http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=CELEX:52004XC1001\(01\):EN:HTML](http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=CELEX:52004XC1001(01):EN:HTML)

#### **4. MEDIDAS TEMPORAIS DE AXUDA ESTATAL PARA FACILITAR O ACCESO AO FINANCIAMENTO NO CONTEXTO ACTUAL DE CRISE ECONÓMICA E FINANCEIRA**

O 17 de decembro de 2008 a Comisión adoptou un Marco temporal aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira. Ademais, realizáronse algúns axustes técnicos o 25 de febreiro de 2009. Este marco ofrécelles aos Estados membros posibilidades adicionais, dentro do ámbito das axudas estatais, para contrarrestar os efectos da contracción do crédito na economía real. Presenta unha serie de medidas temporais que poden usar os Estados membros para afrontar as dificultades excepcionais que están a atravesar as empresas e, en concreto, as PEME, á hora de conseguir financiamento. Estas medidas temporais están baseadas na letra b do apartado 3 do artigo 87 do Tratado polo que a Comisión pode declarar compatible co mercado común as axudas destinadas a “poñer remedio a unha gran perturbación da economía dun Estado membro”. Os Estados membros deberanlle comunicar os réximes destas axudas e, cando o réxime estea aprobado, poderán conceder axudas de xeito individual de maneira inmediata e sen ter que comunicalo.

##### **Condicións:**

- Todas as medidas só se poden aplicar ás empresas que non estivesen en crise<sup>14</sup> o 1 de xullo de 2008. Poderanse aplicar ás empresas que non estaban en crise nesa data, pero que entraron en crise despois a consecuencia da crise económica e financeira mundial.
- Poderanse aplicar estas medidas ata o 31 de decembro de 2010.
- Estas medidas temporais non se poden acumular coas axudas xa cubertas polo regulamento de minimis para os mesmos custos subvencionables. O importe da axuda recibida polo regulamento de minimis recibido despois do 1/01/2008 será deducido do importe da axuda compatible que se pode conceder para ese mesmo propósito, ao abeiro do que establece este marco. As medidas de axuda temporais pódense acumular a outras axudas compatibles ou a outras formas de financiamento comunitario sempre que se respecten as intensidades máximas de axuda indicadas nas respectivas directrices ou no regulamento de exención por categorías.

##### ***Medidas novas e modificacións temporais dos instrumentos xa existentes***

**Unha cantidade a tanto alzado por un importe de ata 500.000 euros por empresa durante os dous anos seguintes (1/01/2008 – 31/12/2010), para aliviar as dificultades que están a atravesar:** estas medidas de axuda só se poden conceder consonte a un réxime. As empresas do sector da pesca ou da produción de produtos agrícolas non poderán solicitar este tipo de axudas, así como as axudas para a exportación. Se a empresa xa recibiu axuda de minimis antes da entrada en vigor deste marco temporal, a suma da axuda recibida ao abeiro do

---

<sup>14</sup> Por empresa en crise enténdese o que ven definido:

- No caso das grandes empresas, no punto 2.1 das Directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e reestruturación de empresas en crise, Diario Oficial C 244, 1/10/2004, pp. 2-17.
- No caso das PEME, no apartado 7 do artigo 1 do Regulamento (CE) Nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías), Diario Oficial L 214, 9/08/2008

establecido con esta medida e da axuda de minimis recibida non debe superar os 500.000 euros entre o 1/01/2008 e o 31/12/2010.

**Garantías estatais para préstamos na forma de redución da prima que se debe pagar:** as PEME poderanse beneficiar da redución de ata un 25% da prima anual que deben pagar por novas garantías nos dous anos seguintes á concesión da garantía. Ademais, estas empresas poderán aplicar unha prima fixada no marco temporal durante un período de oito anos. O importe máximo do préstamo non pode superar o total dos custos salariais anuais da empresa beneficiaria. A garantía non poderá superar o 90% do préstamo e poderá cubrir tanto préstamos de investimento como de capital circulante.

**Axudas en forma de bonificación dos tipos de xuro aplicables a todos os tipos de préstamos:** a Comisión aceptará que se concedan préstamos públicos ou privados cun tipo de xuros que sexa, polo menos, igual aos tipos a un día do Banco Central máis unha prima igual á diferenza entre o tipo medio interbancario a un ano e o tipo medio a un día do Banco Central para o período comprendido entre o 1/01/2007 e o 30/06/2008, máis a prima de risco de crédito correspondente ao perfil de risco do beneficiario, tal como establece a comunicación da Comisión sobre o método de fixación dos tipos de referencia e de desconto. Este método poderase aplicar a todos os contratos concluídos ata o 31 de decembro de 2010 e poderá cubrir préstamos de calquera duración. Os tipos reducidos de xuros poderanse aplicar aos pagamentos dos xuros antes do 31 de decembro de 2012.

**Axudas en forma de redución dos tipos de xuro para os préstamos de investimento relacionados con produtos que melloren de xeito significativo a protección ambiental:** as PEME pódense beneficiar dunha redución dos tipos de xuros nun 50%. Esta bonificación dos tipos de xuros aplicarase durante un máximo de dous anos contados a partir da concesión do préstamo. Estas axudas poderán ser concedidas para a produción de produtos que impliquen a adaptación anticipada ou a superación de futuras normas de produto comunitarias que incrementen o nivel de protección ambiental e que aínda non estean en vigor.

**Derrogación temporal das directrices sobre capital risco do ano 2006:**

- Incremento do **tramo de financiamento por PEME obxectivo** pasando dos 1,5 millóns de euros aos **2,5 millóns de euros**.
- Redución do **mínimo de participación privada**, pasando do 50% ao **30%** (tanto dentro como fóra das rexións asistidas).

**Comunicación da simplificación dos requisitos do crédito á exportación** para utilizar a exención que permite que os riscos non negociables sexan cubertos polo Estado.

**Para máis información:**

*Comunicación da Comisión – Marco temporal aplicable ás medidas de axuda estatal para facilitar o acceso ao financiamento no actual contexto de crise económica e financeira (adoptado o 17 de decembro de 2008)*

[http://ec.europa.eu/competition/state\\_aid/legislation/horizontal.html](http://ec.europa.eu/competition/state_aid/legislation/horizontal.html)

## ANEXO I

Posibilidades máximas das axudas para as PEME aplicables ao abeiro da normativa sobre axudas estatais.

PE= pequena empresa, ME= mediana empresa. Os límites máximos están indicados por empresa e proxecto, se non se indica outra cousa.

Tipo de axuda	Directrices / Marcos comunitarios		RXEC		
	Importe / límite máximo de intensidade segundo o establecido nas directrices / marcos comunitarios pertinentes		Importe máximo autorizado no RXEC. Límite da intensidade fixada no RXEC		
<b>Axuda de minimis</b>	Non se consideran axudas 200.000 euros por empresa durante tres exercicios fiscais				
<b>Axuda de capital risco</b>	Diferentes formas de axuda dispoñibles (véxase o punto 2.3)		1,5 millóns EUR por empresa durante 12 meses	Non aplicable	
<b>Axudas de investigación e desenvolvemento</b>	<b>PE</b>	<b>ME</b>		<b>PE</b>	<b>ME</b>
Investigación fundamental	100%	100%	20 millóns EUR	100%	100%
Investigación industrial	70%	60%	10 millóns EUR	70%	60%
Desenvolvemento experimental	45%	35%	7,5 millóns EUR 2x para EUREKA <sup>15</sup>	45%	35%
	+ 15 puntos porcentuais (ata un total do 80%) se hai colaboración entre empresas ou transferencia de resultados			+ 15 puntos porcentuais (ata un total do 80%) se hai colaboración entre empresas ou transferencia de resultados	
<b>Axudas para estudos de viabilidade técnica</b>	75% para os estudos de investigación industrial, 50% para os estudos de desenvolvemento experimental		20 millóns EUR 10 millóns EUR 7,5 millóns EUR 2x para EUREKA	75% para estudos de investigación industrial, 50% para estudos de desenvolvemento experimental.	
Investigación fundamental					
Investigación industrial					
Desenvolvemento experimental					

<sup>15</sup> EUREKA é unha rede paneuropea para a investigación e o desenvolvemento industrial orientados ao mercado

Tipo de axuda	Directrices / Marcos comunitarios	RXEC	
	Importe / límite máximo de intensidade segundo o establecido nas directrices / marcos comunitarios pertinentes	Importe máximo autorizado no RXEC.	Límite da intensidade fixada no RXEC
<b>Axudas para os custos de dereitos da propiedade industrial</b> Investigación fundamental Investigación industrial Desenvolvemento experimental	100% 50% 25%	5 millóns EUR	100% 50% 25%
<b>Axudas para a cesión de persoal altamente cualificado</b>	50% por empresa, durante 3 anos, por persoa cedida	non aplicable	50% por empresa, durante 3 anos, por persoa cedida
<b>Axudas de investigación e desenvolvemento nos sectores pesqueiro e agrícola</b>	100% suxeito a condicións específicas	non aplicable	100% suxeito a condicións específicas
<b>Axudas para empresas novas e innovadoras (só PE)</b>	1 millón EUR 1,25 millóns EUR nas rexións 87.3 c) 1,5 millóns EUR nas rexións 87.3 a)	1 millón EUR 1,25 millóns EUR nas rexións 87.3 c) 1,5 millóns EUR nas rexións 87.3 a)	non aplicable
<b>Axudas para servizos de asesoramento en innovación e de apoio á innovación</b>	100% se ten certificación nacional ou europea, senón 75%. Máximo de 200.000 EUR por empresa nun período de 3 anos	200.000 EUR por empresa nun período de 3 anos.	100% se ten certificación nacional ou europea, senón 75%.
<b>Axudas á innovación en materia de procesos e organización en actividades de servizos</b>	PE: 35% ME: 25%	Non establecidas	
<b>Axudas para agrupacións innovadoras</b> axudas de investimento	PE: 35% ME: 25%	Non establecidas	
axudas de funcionamento	100% cunha redución linear ata 0 durante un período de 5 anos ou o 50% durante 5 anos		

Tipo de axuda	Directrices / Marcos comunitarios	RXEC	
	Importe / límite máximo de intensidade segundo o establecido nas directrices / marcos comunitarios pertinentes	Importe máximo autorizado no RXEC.	Límite da intensidade fixada no RXEC
<b>Axudas ao investimento para superar as normas comunitarias sobre protección do ambiente ou aumentar o nivel de protección ambiental na ausencia de normas comunitarias.</b>	PE: 70% ME: 60% Licitación: 100% Prima de innovación ecolóxica: +10%	7,5 millóns EUR	PE: 55% ME: 45%
<b>Axudas para a adquisición de vehículos de transporte que superen as normas comunitarias sobre protección ambiental</b>	PE: 70% ME: 60% Licitación: 100% Prima de innovación ecolóxica: +10%	7,5 millóns EUR	PE: 55% ME: 45%
<b>Axudas para a adaptación anticipada a futuras normas comunitarias</b>	Máis de tres anos de adianto: PE: 25% ME: 20% Entre 1 e 3 anos de adianto: PE: 20% ME: 15%	7,5 millóns EUR	Máis de tres anos de adianto: PE: 15% ME: 10% Entre 1 e 3 anos de adianto: PE: 10%
<b>Axudas para estudos ambientais</b>	PE: 70% ME: 60%	Non aplicable	PE: 70% ME: 60%
<b>Axudas ao investimento para o aforro enerxético</b> Axudas ao investimento	PE: 80% ME: 70% Licitación: 100%	7,5 millóns EUR	Cálculo custos subvencionables: 1. Custos netos do investimento adicional: PE: 80% ME: 70% 2. Custos brutos do investimento adicional: PE: 40% ME: 30%
<b>Axudas ao funcionamento</b>	100% coa redución linear ata 0 durante un período de 5 anos ou o 50% durante 5 anos	Non establecidas	
<b>Axudas para a calefacción urbana enerxeticamente eficiente empregando fontes de enerxía convencionais</b>	PE: 70% ME: 60% Licitación: 100%	Non establecidas	

Tipo de axuda	Directrices / Marcos comunitarios	RXEC	
	Importe / límite máximo de intensidade segundo o establecido nas directrices / marcos comunitarios pertinentes	Importe máximo autorizado no RXEC.	Límite da intensidade fixada no RXEC
<b>Axudas ao investimento en coxeración de alta eficiencia.</b> Axudas ao investimento	PE: 80% Me: 70% Licitación 100%	7,5 millóns EUR	PE: 65% ME: 55%
Axudas de funcionamento	3 opcións: 1.- Compensación da diferenza entre os prezos de custo e os prezos do mercado, 2.- Utilización de mecanismos do mercado (certificados ecolóxicos ou licitacións) 3.- 100% coa redución linear ata 0 durante un período de 5 anos ou 50% durante cinco anos.	Non establecidas	
<b>Axudas ao investimento no fomento das fontes de enerxía renovables.</b> Axudas ao investimento	PE: 80% Me: 70% Licitación 100%	7,5 millóns EUR	PE: 65% ME: 55%
Axudas de funcionamento	3 opcións: 1.- Compensación da diferenza entre os prezos de custo e os prezos do mercado, 2.- Utilización de mecanismos do mercado (certificados ecolóxicos ou licitacións) 3.- 100% coa redución linear ata 0 durante un período de 5 anos ou 50% durante cinco anos.	Non establecidas	
<b>Axudas para a protección ambiental, en forma de reducións ou exencións de impostos</b>	Suxeitas a unhas condicións específicas (consúltese o capítulo 4 das Directrices sobre axudas ambientais)	Non aplicable	Exclusivamente os impostos aos que se refire a Directiva 2003/96/CE: durante un máximo 10 anos, sempre que se pague un mínimo comunitario.
<b>Axudas á xestión dos residuos</b>	PE: 70% ME: 60%	Non establecidas	
<b>Axudas para o saneamento de predios contaminados</b>	100%	Non establecidas	
<b>Axudas para o traslado de empresas</b>	PE: 70% ME: 60%	Non establecidas	
<b>Axudas no marco de réximes de permisos negociables</b>	Suxeitas a unhas condicións específicas	Non establecidas	

Tipo de axuda	Directrices / Marcos comunitarios	RXEC	
	Importe / límite máximo de intensidade segundo o establecido nas directrices / marcos comunitarios pertinentes	Importe máximo autorizado no RXEC.	Límite da intensidade fixada no RXEC
<b>Axudas rexionais ao investimento (e ao emprego)</b>	20%-80% dependendo das dificultades dunha determinada rexión.	Axuda por un importe inferior ao 75% do importe máximo de axuda ao investimento cuns custos subvencionables valorados en 100 millóns EUR	A intensidade da axuda rexional virá fixada no correspondente mapa de axudas rexionais. PE: +20 puntos porcentuais ME: +10 puntos porcentuais (agás nos grandes proxectos de investimento e transporte <sup>16</sup> )
<b>Axudas rexionais de funcionamento</b>	Suxeitas a condicións específicas	Non establecidas	
<b>Axudas a pequenas empresas de recente creación (nas rexións asistidas)</b>	Rexións do artigo 87.3 a): 35% Anos 1 a 3 25% Anos 4 a 5 Importe máximo total da axuda 2 millóns EUR Rexións do artigo 87.3 c) 25% Anos 1 a 3 15% Anos 4 a 5 Importe máximo total da axuda 1 millón EUR En certos casos un 5% de suplemento	2 millóns EUR nas rexións do artigo 87.3 a) e 1 millón EUR nas rexións do artigo 87.3 c). Importes <i>anuais</i> por empresa – un máximo do 33% dos importes anteriores	Rexións do artigo 87.3 a): 35% Anos 1 a 3 25% Anos 4 a 5 Rexións do artigo 87.3 c) 25% Anos 1 a 3 15% Anos 4 a 5 En certos casos un 5% de suplemento
<b>Axudas ao investimento e ao emprego nas PEME</b>	Non establecidas	7,5 millóns EUR	PE: 20% ME: 10% No caso de investimento na transformación e comercialización de produtos agrícolas: 75% nas rexións ultraperiféricas 65% nas illas menores do mar Exeo 50% nas rexións do apartado a) do artigo 87.3 40% no resto das rexións
<b>Axudas á formación</b>	Non establecidas	2 millóns EUR por proxecto de formación	Formación específica: PE: 45% ME: 35% Formación xeral: PE: 80% ME: 70% + 10 puntos porcentuais no caso de que os beneficiarios da formación sexan traballadores discapacitados ou desfavorecidos (ata un máximo do 80%) 100% no sector do transporte marítimo

<sup>16</sup> No sector agrícola, son aplicables outras intensidades.

Tipo de axuda	Directrices / Marcos comunitarios	RXEC	
	Importe / límite máximo de intensidade segundo o establecido nas directrices / marcos comunitarios pertinentes	Importe máximo autorizado no RXEC.	Límite da intensidade fixada no RXEC
<b>Axudas para pequenas empresas de recente creación creadas por mulleres</b>	Non establecidas	1 millón EUR (máximo do 33% desa cantidade por ano)	15% durante os cinco primeiros anos
<b>Axudas para consultoría</b>	Non establecidas	2 millóns EUR	50%
<b>Axudas para a participación das PEME en feiras comerciais</b>	Non establecidas	2 millóns EUR	50%
<b>Axudas á contratación de persoal desfavorecido en forma de subvencións salariais</b>	Non establecidas	5 millóns EUR	Traballadores desfavorecidos: 50% durante os 12 primeiros meses Traballadores moi desfavorecidos: 50% durante os 24 primeiros meses
<b>Axudas á contratación de persoal discapacitado en forma de subvencións salariais</b>	Non establecidas	10 millóns EUR	75%
<b>Axudas para compensar os custos adicionais da contratación de persoal discapacitado.</b>	Non establecidas	10 millóns EUR	100%
<b>Axudas de salvamento e reestruturación de empresas en crise</b>	Suxeitas a condicións específicas	Non establecidas	

## ANEXO II

### Definición de PEME

#### **Artigo 1**

##### *Empresa*

Considerarase empresa toda entidade, independentemente da súa forma xurídica, que exerza unha actividade económica. En particular, consideraranse empresas as entidades que exerzan unha actividade artesanal ou outras actividades, xa sexan estas entidades persoas autónomas ou negocios familiares, así como as sociedades de persoas e as asociacións que exerzan unha actividade económica de forma regular.

#### **Artigo 2**

##### *Os recursos humanos e financeiros que definen as categorías de empresas*

1. A categoría de microempresas, pequenas e medianas empresas (PEME) está constituída polas empresas que ocupan menos de 250 persoas e que teñen un volume de negocios anual non superior a 50 millóns de euros e/ou cun balance xeral anual que non excede de 43 millóns de euros.
2. Dentro da categoría das PEME, defínese unha pequena empresa como unha empresa que ocupa menos de 50 persoas e que posúe un volume de negocios anual e/ou un balance xeral anual que non supera os 10 millóns de euros.
3. Dentro da categoría das PEME, defínese unha microempresa como unha empresa que ocupa menos de 10 persoas e que conta cun volume de negocios anual e/ou un balance xeral anual que non supera os 2 millóns de euros.

#### **Artigo 3**

##### *Tipos de empresas considerados para o cálculo do número de traballadores e dos importes financeiros*

1. É unha “empresa autónoma” a que non se pode cualificar nin como empresa asociada para os efectos do apartado 2, nin como empresa vinculada para os efectos do apartado 3.
2. Son “empresas asociadas” todas as empresas que non poden ser cualificadas como empresas vinculadas para os efectos do apartado 3 e entre as cales existe a relación seguinte: unha empresa (empresa participante) posúe, ben por ela mesma ou conxuntamente cunha ou con máis empresas vinculadas para os efectos da definición do apartado 3, o 25% ou máis do capital ou dos dereitos de voto doutra empresa (empresa participada).

Con todo, unha empresa pode recibir a cualificación de autónoma, e xa que logo sen empresas asociadas, cando estean presentes as categorías de investidores seguintes, aínda que acaden ou superen o límite máximo do 25%, sempre que entre estes, individual ou conxuntamente, e a empresa en cuestión non existan os vínculos descritos no apartado 3:

- a) sociedades públicas de participación, sociedades de capital risco, persoas físicas ou grupos de persoas físicas que realicen unha actividade regular de investimento en capital risco (investidores providenciais ou “*business angels*”) e invistan fondos propios en empresas sen cotización bolsista, sempre e cando o investimento deses investidores providenciais na mesma empresa non supere 1.250.000 euros;
- b) universidades ou centros de investigación sen fins lucrativos;
- c) investidores institucionais, incluídos os fondos de desenvolvemento rexional;
- d) autoridades locais autónomas cuns orzamentos anuais de menos de 10 millóns de euros e unha poboación inferior a 5.000 habitantes.

3. Son “empresas vinculadas” as empresas entre as que existe algunha das seguintes relacións:
  - a) unha empresa posúe a maioría dos dereitos de voto dos accionistas ou socios doutra empresa;
  - b) unha empresa ten dereito a nomear ou revogar a maioría dos membros do órgano de administración, dirección ou control doutra empresa;
  - c) unha empresa ten dereito a exercer unha influencia dominante sobre outra, en virtude dun contrato celebrado con ela ou dunha cláusula nos estatutos da segunda empresa;
  - d) unha empresa, accionista doutra ou asociada a ela, controla en exclusiva, en virtude dun acordo celebrado con outros accionistas ou socios da segunda empresa, a maioría dos dereitos de voto dos seus accionistas.

Hai presunción de que non existe influencia dominante, cando os investidores enunciados no segundo parágrafo do apartado 2 non teñen implicación directa ou indirecta na xestión da empresa en cuestión, sen prexuízo dos dereitos que lles poden corresponder na súa calidade de accionistas ou de asociados.

As empresas que manteñan calquera das relacións establecidas no parágrafo primeiro a través doutra ou doutras empresas, ou cos investidores enumerados no apartado 2, consideraranse tamén vinculadas.

Serán consideradas tamén empresas vinculadas as que manteñan algunha desas relacións a través dunha persoa física, ou grupo de persoas físicas, que actúen de común acordo, se esas empresas exercen a súa actividade, ou parte dela, no mesmo mercado de referencia ou en mercados contiguos.

Considerarase “mercado contiguo” o mercado dun produto ou servizo situado nunha posición inmediatamente anterior ou posterior á do mercado en cuestión.

4. Agás nos casos citados no segundo parágrafo do apartado 2, unha empresa non pode ser considerada como PEME, se o 25% ou máis do seu capital ou dos seus dereitos de voto están controlados, directa ou indirectamente, por un ou máis organismos públicos ou colectividade públicas.
5. As empresas poden efectuar unha declaración relativa á súa cualificación como empresa autónoma, asociada ou vinculada, así como aos datos relativos aos límites máximos establecidos no artigo 2. Pódese efectuar esta declaración aínda que o capital estea distribuído de tal xeito que non se poida determinar con precisión quen é o que o posúe, e nese caso a empresa poderá declarar con presunción lexítima e fiable que o 25% ou máis do seu capital non pertence a outra empresa ou non o detén conxuntamente con empresas vinculadas entre elas ou a través de persoas físicas ou dun grupo de persoas físicas. Tales declaracións realizaranse sen prexuízo dos controis e verificacións previstos polas normativas nacionais ou comunitarias.

#### **Artigo 4**

*Datos empregados para calcular o número de traballadores, os importes financeiros e o período de referencia*

1. Os datos seleccionados para o cálculo do persoal e os importes financeiros son os correspondentes ao último exercicio contable pechado, e calcúlanse sobre unha base anual. Téñense en conta a partir da data na que se pechan as contas. O total de

volumen de negocios calcularase sen o imposto sobre o valor engadido (IVE) nin demais impostos indirectos.

2. Cando unha empresa, na data do peche das contas, comprobe que se traspasaron, por riba ou por baixo, e sobre unha base anual, os límites máximos de persoal ou os límites máximos financeiros establecidos no artigo 2, esta circunstancia non fará que adquira ou perda a condición de mediana ou pequena empresa, ou de microempresa, a non ser que ese feito se produza en dous exercicios consecutivos.
3. No caso de empresas de nova creación que aínda non pecharon as súas contas, utilizaranse datos baseados en estimacións fiables realizadas durante o exercicio financeiro.

## **Artigo 5**

### *O cadro de persoal*

O cadro de persoal corresponde ao número de unidades de traballo anual (UTA), é dicir, ao número de persoas que traballan na empresa en cuestión ou por conta dela a tempo completo durante todo o ano que se está a considerar. O traballo das persoas que non traballaron todo o ano, ou o das que traballaron a tempo parcial, independentemente da duración do seu contrato, ou o traballo estacional, cóntase como fraccións de UTA. O cadro de persoal estará composto por:

- a) asalariados;
- b) persoas que traballan para a empresa, que teñan con ela un vínculo de subordinación e estean asimiladas a asalariados conforme ao dereito nacional;
- c) propietarios que dirixen a súa empresa;
- d) socios que exerzan unha actividade regular na empresa e gocen de vantaxes financeiras por parte da empresa.

Os aprendices ou alumnos de formación profesional con contrato de aprendizaxe ou formación profesional non se considerará persoal. Non se contabiliza a duración dos permisos de maternidade ou dos permisos parentais.

## **Artigo 6**

### *Determinación dos datos da empresa*

1. No caso de empresas autónomas, os datos, incluído o número de traballadores, determinaranse unicamente sobre a base das contas desa empresa.
2. Os datos, incluído o cadro de persoal, dunha empresa con empresas asociadas ou vinculadas, determinaranse sobre a base das contas e demais datos da empresa, ou ben, de existiren, sobre a base das contas consolidadas da empresa, ou das contas consolidadas nas que a empresa estea incluída por consolidación.

Aos datos considerados no primeiro parágrafo cómpre agregarlles os datos das posibles empresas asociadas coa empresa en cuestión, situadas na posición inmediatamente anterior ou posterior a esta. A agregación será proporcional á porcentaxe de participación no capital ou nos dereitos de voto (á máis alta destas dúas porcentaxes). En caso de participacións cruzadas, aplicarase a porcentaxe máis alta.

Aos datos aos que se refiren o primeiro e o segundo parágrafos haberá que lles engadir o 100% dos datos de calquera empresa que poida estar directa ou

indirectamente vinculada á empresa en cuestión, sempre que eses datos non fosen xa incluídos nas contas por consolidación.

3. Para aplicar o apartado 2, os datos das empresas asociadas coa empresa en cuestión han de proceder das contas, consolidadas de existiren, e dos demais datos, aos que lles haberá que engadir o 100% dos datos das empresas vinculadas a estas empresas asociadas, a non ser que os seus datos xa se inclúisen por consolidación.

Para aplicar ese mesmo apartado 2, os datos das empresas vinculadas á empresa en cuestión han de proceder das súas contas, consolidadas de existiren, e dos demais datos. A estes haberá que lles agregar proporcionalmente os datos de calquera empresa que poida estar asociada a esa empresa vinculada, situadas nunha posición inmediateamente anterior ou posterior a ela, a non ser que xa se inclúisen xa nas contas consolidadas nunha proporción polo menos equivalente á porcentaxe definida no segundo parágrafo do apartado 2.

4. Cando nas contas consolidadas non consten os datos do persoal dunha determinada empresa, estes datos calcularanse incorporando de xeito proporcional os datos relativos ás empresas coas que esa empresa estea asociada, e engadíndolles os relativos ás empresas coas que estea vinculada.